



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE AUTORIZA O EMPREGO DA LISTA DE RESERVA XURDIDA DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS PARA TER ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE MOAÑA

ANTECEDENTES

Primeiro. Mediante a Resolución do 14 de marzo de 2022 da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo, publícase a relación definitiva de aspirantes seleccionados e non seleccionados para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Moaña. A lista de non seleccionados constitúe unha lista de reserva, que poderá ser empregada para cubrir as prazas vacantes que se produzan durante o ano da súa vixencia.

Segundo. O 18 de xaneiro de 2023 a Confraría de Moaña solicita o emprego da lista de reserva para cubrir tres (3) prazas vacantes. Mediante resolución do 18 de xaneiro de 2023, da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo, autorízase o emprego da lista de reserva para cubrir as vacantes solicitadas.

Terceiro. O 9 de febreiro de 2023 a Confraría de Moaña solicita o emprego da lista de reserva para cubrir (1) unha praza vacante.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

Segundo. A Orde da Consellería do Mar do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé (DOG nº 144 de 28 de xullo de 2011) establece no seu artigo 7 a constitución dunha lista de reserva integrada pola relación definitiva de persoas non seleccionadas que non





foron excluídas do procedemento selectivo, cunha vixencia dun (1) ano que se contará desde o día seguinte ao da data de resolución da xefatura territorial.

A confraría de pescadores ou entidade asociativa, de conformidade coa agrupación sectorial, de estar constituída, poderá solicitar á xefatura territorial correspondente o emprego da lista de reserva nos seguintes supostos:

- a) Cando se produzan prazas vacantes durante o proceso de outorgamento.
- b) Cando se produzan prazas vacantes durante a vixencia dos plans de xestión correspondentes.

A praza (1) vacante solicitada pola confraría de Moaña prodúcese durante a vixencia do plan de explotación para o ano 2023.

Terceiro. Correspóndelle a esta Xefatura Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Á vista do exposto, esta Xefatura Territorial, en virtude das competencias atribuídas,

RESOLVE:

Autorizar o emprego da lista de reserva para cubrir unha (1) praza vacante e publicar o nome da persoa seleccionada para o outorgamento do permiso de explotación de marisqueo a pé na confraría de Moaña:

Apelidos e nome	D.N.I.
RODRÍGUEZ CARBALLA, YOLANDA	***6843**

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

A persoa seleccionada deberá acreditar no prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao que se publique esta resolución, os requisitos para obter o permiso de explotación; de non facerse así neste





prazo, entenderase que decae do seu dereito. Debe presentar a seguinte documentación:

- a) Fotografía co seu nome e DNI escrito por detrás.
- b) Documentación que acredite que a persoa non está incapacitada para exercer os labores de marisqueo.
- c) No caso de non ter sido asinada a autorización da consulta (na solicitude do proceso selectivo): certificado que acredite que a persoa non é perceptora da renda de integración social de Galicia (RISGA). As persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia, deberán presentar un escrito de renuncia a esta prestación.
- d) No caso de non ter sido asinada a autorización para a consulta (na solicitude do proceso selectivo): certificado da Seguridade Social que acredite que a persoa non é perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares.
- e) No caso de non ter sido asinada a autorización para a consulta do certificado de mariscador no caso de que o posúan e non fose presentado coa solicitude (do proceso selectivo): copia do certificado de mariscador. Aquelas persoas que non o posúan, terán que realizar o curso a primeira vez que sexan convocados - salvo causa debidamente xustificada - pola Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A documentación requirida deberá dirixirse á Xefatura Territorial da Consellería do Mar de Vigo

Se dentro do prazo fixado non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2. da convocatoria do proceso selectivo do 1 de xuño de 2021, entenderase que desiste da súa solicitude (excepto o certificado de mariscador, apartado III. d) das bases da convocatoria). Neste caso, emitirase unha nova resolución modificándoa, na que se indicarán as persoas aspirantes seleccionadas pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos, outorgándolles un prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación da nova resolución, para que acheguen a documentación que figura na base III da convocatoria.





De conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.

A Xefa Territorial
Sonia Lorenzo Santos

